



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR 5/2016 SEGURO OBRIGATORIO E SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A Coruña, 15 de marzo de 2016

A) COMUNICACIÓN/INFORMACIÓN SOBRE AS COBERTURAS DO SEGURO CONTRATADO CON MUTUASPORT.

1- Os **danos persoais dos federados** están cubertos segundo o condicionado da póliza suscrita pola Federación e publicada na páxina web.

2- O **seguro de Responsabilidade civil**, cubre os riscos que figuran no artigo 43 da póliza:

- A **práctica deportiva** ten que efectuarse dentro dos eventos oficiais organizados pola Federación ou baixo o seu amparo.
- A **organización de actividades deportivas** tamén é obxecto de cobertura polo seguro de Responsabilidade Civil sempre e cando estean amparadas pola Federación.

Por isto, para que as actividades que leven a cabo os clubs queden cubertas polo seguro é absolutamente necesario poñer en coñecemento da Federación (antes da celebración da mesma) a dita actividade, indicando: lugar, data, horario e responsables.

Estas actividades comprenden tanto as competicións que se organicen como os entrenamentos, cursos de iniciación, exhibicións da disciplina, e calquera outra actividade que implique o uso do arco.

Esta comunicación non será necesaria no caso de que o club teña contratado por sí mesmo un seguro de Responsabilidade civil que cubra estes riscos.

Federación Galega de Tiro co Arco – N.I.F. G-27034131

Apdo. de correos 5368 – CP 15009 (A Coruña)

Presidencia: presidente@fgta.es Tel. 629 628 077 / Secretaría: secretaria@fgta.es Tel. 629 615 737



CIRCULAR 5/2016 SEGURO OBRIGATORIO E SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

B) ESCOLAS DE TIRO CON ARCO

A efectos de cumprir coa lexislación vixente, que esixe contar cun seguro de danos propios para calquera práctica deportiva, a Federación tramitará as altas no seguro obrigatorio e de responsabilidade civil das persoas que estean inscritas nunha escola deportiva de tiro con arco nos cursos de iniciación.

Para elo, os clubs deberán achegar un listado cos seguintes datos obrigatorios: nome, apelidos, DNI, data de nacemento e sexo; recheando o arquivo que se xunta en formato Excel, e remitíndoo –xunto co xustificante de ter realizado o pago correspondente*- ao seguinte enderezo: secretaria@fgta.es

*Non se tramitará ningunha solicitude que non veña acompañada do xustificante de ingreso.

A tramitación realizarase o día 20 de cada mes.

O custo será de 5,00 €, que se ingresarán na conta:

Entidade: ABANCA

Código IBAN ES78 2080 5368 76 30 4000 7146

***NOTA*: ISTO NON SUPORÁ A EMISIÓN DUNHA LICENZA FEDERATIVA, POLO QUE OS INTERESADOS NON PODERÁN COMPETIR, NIN PORTAR, NIN POSUÍR ARCOS.**

*Mayte Doce Platas
Secretaria Xeral*